

## PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19 NO COMEDOR DO CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE

O obxectivo do presente documento é o de incorporar as medidas e accións para o comedor.

O presente documento pode estar sometido a revisión e pode ser obxecto de modificacións froito da realidade epidemiolóxica, as mellores evidencias científicas dispoñibles ou a modificación da normativa vixente.

Neste servizo de comedor destacamos as seguintes medidas específicas de **prevención** da transmisión da Covid:

a. Será obrigatorio o uso de **máscara** para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo, o período entre os distintos pratos e o tempo de agarda ata a recollida polas familias.

b. Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha **segunda máscara** de recambio, así como un estoxo específico para gardala. Se

c. O uso do comedor escolar quedará limitado á capacidade para ter ao alumnado separado, por **1,5 metros de distancia**, e con grupos estables de convivencia; os nen@s de infantil poden comer agrupados sen respectar a distancia anterior sempre respectando a continuidade do grupo de pertenza. Os grupos separaranse tamén por 1,5 metros entre eles. Asignaranse postos fixos durante todo o ano. e os pupitres colocaránse orientados cara adiante.

d. O **persoal** utilizará en todo momento a máscara FFP2 de protección con independencia do mantemento da distancia de seguridade, ademais de bata, solución hidroalcolica, papeleira de pedal e panos desbotables.

e. Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado. A auga servirse nunha soa xarra pola coidadora.

f. Ventilarase o comedor e **desinfectarase** as mesas antes da chegada dos nen@s ao comedor (pola coidadora).

g. Levarase un **registro** dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos. O Equipo Covid do centro disporá dun plano desta situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico

h. Antes de acceder ao comedor, na entrada, tomaráselle a **temperatura** corporal.

i. Levarase **control diario da asistencia** do alumnado ao comedor co mesmo fin. Os usuarios deberán comunicar a súa ausencia como máximo o mesmo día antes das 8:30 (preferiblemente o día antes) chamando ao teléfono da persoa responsable do comedor.

j. No caso de **detección de síntomas compatibles** coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que deberá presentarse no centro o antes posible e será a encargada de poñelo en coñecemento do Centro de saúde de referencia. Illarase ao menor no espazo destinado para tal fin, que estará debidamente marcado e será coñecido polos responsables e persoal do comedor. Este contará con ventilación axeitada.

k. O alumnado accederá ao comedor mantendo o grupo de convivencia estable, realizarase a hixiene de mans e ademais disporanse dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e saída do comedor. Á chegada ao comedor deberán deixar as súas pertenzas (mochilas e abrigos) no lugar destinado ao

efecto, e procederán, de xeito ordenado, a sentarse na súa mesa, atendendo sempre ás instrucións da coidadora.

l. Queda eliminada a opción de cepillado dos dentes, que deberá facerse á chegada ao fogar.

m. Para as **entradas do inicio do servizo** de están flexibilizadas no horario da última hora lectiva. O equipo directivo determinou a saída por colectivos con distancias horarias, sendo a saídas no seguinte horario:

- 13:50 horas: 5 anos
- 13:50 horas: 3º e 6º
- 13:55 horas: 2º e 5º
- 14:00 horas: 3 e 4 anos
- 14:00 horas: 1º e 4º

n. Cando **remate a comida**, o alumnado quedará sentado no seu lugar ou co seu grupo de convivencia estable ata que os familiares os recollan. Durante ese tempo non compartiran material na medida do posible, de ser o caso a desinfección do material común (rotuladores, pinturas, xogos...) farase antes e despois de cada uso, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego

o. O **horario de recollida** será a partires da finalización do servizo de comida e ata as 16:00 h, as portas do centro permanecerán abertas durante o horario de comedor. Así os pais poderán acudir a recoller os seus fillos a partires de acabar o servizo de comida para estar o menos tempo posible no comedor e a saída sexa máis escalonada.

p. A recollida do alumnado farase de xeito ordenado. Unha vez sexan recollidos polas familias, deberán abandonar o recinto escolar. No caso de que o neno vaia ser recollido por un adulto non habitual deberá ser comunicado previamente á coidadora.